

## **CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O LABORATORIO NOVARTIS FARMACÉUTICA, S.A. PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE SANITARIO EN MATERIA DE FORMACIÓN, INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN NA ÁREA DE OFTALMOLOXÍA**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e “Novartis Farmacéutica, S.A”, formalizaron o 30/06/2023 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante un período de catro (4) anos a partires da súa sinatura, podendo prorrogarse, por acordo das partes, por un período de ata catro anos adicionais

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir o ámbito das relacións de colaboración entre as partes asinantes, para a promoción da investigación, a innovación e a formación orientadas á mellora da atención sanitaria na área de oftalmoloxía, a través da promoción, da investigación, a formación, a innovación ou a realización de estudos e intercambio de coñecemento científico e técnico.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade ten entre os seus obxectivos prioritarios a investigación, innovación e formación na área da saúde e da atención a pacientes, e neste contexto, está interesada en poñer en marcha e/ou apoiar proxectos que, de calquera forma, poidan mellorar as condicións clínicas e de calidade de vida dos pacientes así como promover e colaborar en proxectos de investigación e formación dos profesionais que contribúan a mellorar o nivel de competencia profesional.

Por outra banda, NOVARTIS é un laboratorio farmacéutico dedicado á investigación e comercialización de produtos farmacéuticos que desenvolve produtos e servizos innovadores na área da saúde e da atención a pacientes, e neste contexto, está interesada en poñer en marcha e/ou apoiar proxectos que, de calquera forma, poidan mellorar as condicións clínicas e de calidade de vida dos pacientes.

Para a materialización dos proxectos en desenvolvemento do obxecto do convenio marco, deberán asinarse acordos ou convenios específicos de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei

9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

Maria Estrella Lopez-Pardo Pardo.

